

A C T A 13/2020
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 25 DE NOVIEMBRE DE 2020 -

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de novembro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías No^oya
D.^a Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Non asiste, previa escusa:

D.^a María Teresa Castro Framil

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ORDINARIA DO 29.07.2020 E EXTRAORDINARIA DO 05.08.2020, ORDINARIA DO 30/09/2020 E EXTRAORDINARIA DO 14/10/2020**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 952/2020 Á 1045/2020)**
- 3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO CONCELEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO PLENARIO DO 14.10.2020 DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E DE TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS AFECTADAS**
- 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROLONGACIÓN AO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ATENCIÓN PRIMARIA**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25N**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PP, D.^a María Teresa Castro Framil, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ORDINARIA DO 29.07.2020 E EXTRAORDINARIA DO 05.08.2020, ORDINARIA DO 30/09/2020 E EXTRAORDINARIA DO 14/10/2020.

Acta da sesión ordinaria do 29 de xullo de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 5 de agosto de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 5 de agosto de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 30 de setembro 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 14 de outubro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 14 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 952/2020 Á 1045/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de outubro ata o 19 de novembro de 2020, que comprenden os números 952 ao 1045, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO CONCELEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión do concelleiro do BNG D. Manuel Barreiro Rozados e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 13 de novembro de 2020, foi recibida a credencial do novo concelleiro, D. Manuel Barreiro Rozados (rex. entrada nº 5757), o cal presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión

A continuación D. Manuel Barreiro Rozados, procede a tomar de posesión como concelleiro de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

O sr. Barreiro, promete, por imperativo legal, pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. alcalde dálle á benvinda ao sr. Barreiro como concelleiro da Corporación. esperando que sexa moi produtiva.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO PLENARIO DO 14.10.2020 DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E DE TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS AFECTADAS.

O sr. alcalde anuncia a retirada deste punto da orde do día. Explica que o asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa correspondente e posteriormente enterouse de que había un informe de Intervención no que se dicía que se debía de tratar de dous

expedientes diferenciados e que ademais non dispuxera de tempo suficiente para informar. Salaria que se trata dun problema formal, porén trátase dun tema o suficientemente serio para que calquera circunstancia poida determinar a nulidade do acto.

Explica o sr. alcalde que se trata dun tema moi importante e ademais urxente, polo que se comentou coa interventora, quen dixo que o de deixar sen efecto o da indispoñibilidade xa o tiña informado e que o outro o ía a facer de forma inmediata. Salaria que a única alternativa posible para que teña eficacia, é convocar un Pleno extraordinario urxente o Luns ás nove horas, porque hai que ter en conta que despois hai que remitilo esa mañá ao BOP, porque son 15 días hábiles de alegacións, e se os prazos van nesa orde, quedarían catro días a finais de mes para facer a distribución de cartos que esa proposta de modificación conleva. Remata o sr. alcalde sinalando que o venres se remitira o expediente, co Informe de Intervención, e se convocará un Pleno extraordinario urxente para o luns ás nove horas.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROLONGACIÓN AO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.752, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes do 19 de novembro de 2020.

“Moción sobre prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) do concello de Teo presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 desde o pasado mes de marzo provocou a anulación ou o adiamento do calendario cultural galego.

Unha das efemérides culturais anuais de gran calado e recoñecemento social é a celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, quer na súa vertente institucional celebrada o propio día, quer na progresiva programación da actividade sociocultural vinculada á figura homenaxeada, ao longo de todo o ano e nos diferentes ámbitos entre os que sobrancea o ensino.

As medidas de confinamento, as fases de desescalada, a suspensión das aulas presenciais nos centros de ensino, así como as continuas medidas de distanciamento social e protocolos de prevención sanitaria que se viñeron aplicando e nos que aínda, con tantas incertezas perante as repuntas que estamos a vivir, continuamos, seguen a impedir conmemorar, como correspondería, a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero.

Esta imposibilidade vai alén do plano institucional e ten a ver, tamén, coa difusión da vida, obra e pensamento de Carvalho Calero a través dos centros de ensino, das librarías e bibliotecas públicas ou da importante actividade que o tecido social galego e o asociacionismo cultural de base realizan.

É por iso que o Bloque Nacionalista Galego se sumou no pasado mes de abril a todo un coro plural de voces que reclamaba prolongar a conmemoración de Ricardo Carvalho Calero ao ano 2021, porque resulta evidente que, mesmo agora xa camiño do último trimestre do ano e sen plenas garantías sanitarias, a crise provocada pola pandemia da COVID-19 fai imposible o desenvolvemento do Ano Carvalho Calero con normalidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

1.O Pleno do Concello de Teo acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2. O Pleno do Concello de Teo acorda dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, dá a benvida, en nome do seu grupo, ao novo concelleiro do BNG e anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, e sinala que lle gustaría aclarar que con data de 15 de maio de 2020 se fixo chegar esta mesma solicitude á Real Academia Galega, engadindo que quizais o que ela non trasladou foi a resposta. Explica que se trata dunha resposta moi longa que tampouco quere trasladar literalmente, pero que ven a dicir que eles non consideran que se teña que cambiar a data do 31 de outubro, que foi finalmente cando se celebrou, e acaban concluíndo que *“en calquera caso a academia é consciente dos tempos de incerteza que corren e permanecerá atenta á evolución da pandemia e ás recomendacións das autoridades competentes”*.

Pensa a sra. López que, de acordo co exposto, pode que estean permeables a esta petición, engadindo que eles opinan que efectivamente non foi unha celebración propia das letras e que polo tanto se debería repetir.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2.- Dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ATENCIÓN PRIMARIA.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro agradece á benvida a todos os grupos. Da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.750, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa benestar social, igualdade, transportes do 19 de novembro de 2020.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A pandemia orixinada pola COVID 19, puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dos e das galegas. Este este nivel asistencial, a pesares dos recortes a que se veu sometido durante os últimos 11 anos, realizou un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas que non precisasen hospitalización, á vez que na medida do posíbel, atendeu as necesidades asistenciais da poboación.

A decisión de que os centros de saúde reduciran drasticamente a asistencia presencial e que a atención se centrara case exclusivamente na consulta telefónica, para evitar contaxios tanto dos profesionais como da poboación, ocasionou moi graves problemas no acceso á asistencia sanitaria da poboación, que se veu agravada coa chegada da época estival, onde a escaseza de persoal foi alarmante, ao obrigar as e os profesionais a desfrutar das vacacións nos meses de xullo e agosto e non telos substituído na maioría dos casos, nin tampouco as baixas por incapacidade temporal.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, listas de espera de semanas, para consultas, analíticas, e incluso para a atención telefónica, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros...

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos. Desprotección que tamén se produce, diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, nas franxas de maior idade, de menos recursos para o acceso e manexo das novas tecnoloxías.

A resposta a situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía, etc.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo máximo dun mes, un informe no que se recolla a situación actual: restricións de acceso e porcentaxe de atención”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que teñen novas desta pouca atención presencial ou incluso da atención presencial por ventanilla, incluso tendo que agardar fora do centro de saúde, á intemperie, o cal xa lles parece escandaloso nos tempos que corren.

Sinala que onte leu que Feijóo quería chegar en decembro ou xaneiro ao corenta por cento da atención presencial, esperando a sra. Lemus que antes desa data se chegue

a algo máis desa porcentaxe. Considera que, igual que entenderon e non discutiron que no momento da primeira ola, cando non se sabía cal era a evolución nin como eran as medidas principais, estando todos un pouco a cegas, se decidira pechar os centros de saúde, agora mesmo se coñece suficientemente o virus e todos saben o que se ten que facer, e mais nun centro de saúde, polo que dende o partido socialista apoian completamente esta moción.

Sendo as vinte horas e trece minutos sae do Salón de Pleno o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que non van a votar en contra da moción, porque creen que sempre hai melloras que se necesitan e que se irán vendo. Sinala que non so Galicia pechou a atención presencial nos centros de saúde senón que é algo que se fixo a nivel xeral. Salaria a sra. Vázquez que lle gustaría deixar claro que dende a Xunta hai un plan estratéxico de cara a esa reactivación. Agora estase nun momento de transición, engadindo que xa había un plan galego de atención primaria, no que xa que empezaron a incorporar maiores prazas, porén trátase de algo que agora mesmo o conseguir eses sanitarios está complicado non so en Galicia senón en toda España.

Explica que se foron creando prazas e se foi reactivando a presencialidade, aínda que moito tamén depende de cada médico que estea ao fronte, de que criterio teña para dar a cita presencial ou non, esperando que todo vaia collendo normalidade. Anuncia a sra. Vázquez a abstención do seu grupo.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, sinala que tratándose do tema que se trata a moción vai a ter o total apoio do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

A continuación ten lugar a votación do punto 6 da orde do día, non estando presente nese momento o concelleiro do PP sr. Sánchez, polo que a efectos da votación correspondente a súa ausencia equivale á abstención, de acordo co artigo 100 do ROF e 32.4 do ROM.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda instar á Xunta de Galiza a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo máximo dun mes, un informe no que se recolla a situación actual: restricións de acceso e porcentaxe de atención.

Sendo as vinte horas e dezoito minutos entra no Salón de Pleno o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25N.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.751, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego do 19 de novembro de 2020.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

O 25 de novembro foi declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, instando a gobernos, organizacións non gobernamentais e á sociedade civil no seu conxunto a planificar e desenvolver accións de sensibilización ao respecto da situación de violencia vivida por moitas mulleres.

Atendendo aos datos de feminicidios cometidos nos últimos anos temos aínda moito traballo por facer. É imprescindible continuar o traballo de forma coordinada, rachando co silencio e apostando pola sensibilización e a prevención, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre os danos provocados pola desigualdade e as condutas violentas, axudando á toma de conciencia sobre a magnitude da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten nas súas vidas e nas das súas fillas e fillos. Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización das violencias machistas, é clave aumentar os recursos dispoñíbeis e tamén que todas e todos nos centremos en que se identifiquen todo tipo de violencias machistas.

Desde o mes de marzo deste 2020 unha parte moi importante da poboación mundial estivo e está en situación de confinamento e o feito de que as vítimas en moitos casos convivan cos seus agresores puxo a proba un sistema que precisa de reformas importantes que atendan a situacións como a que estamos a vivir. Aínda que os datos oficiais indican un descenso no número de denuncias e tamén das ordes de protección, non podemos caer no erro de pensar que a situación mellorou. A dramática realidade é que os agresores teñen controlada completamente á vítima. Os entornos privados, a familia, os domicilios, son os espazos onde, desde sempre, a violencia está máis presente e nestes tempos de confinamentos as mulleres conviven moito máis tempo cos seus agresores, moitas veces en situacións de precariedade económica que agravan aínda máis os problemas. Este feito debe ser tido en conta como prioritario nas políticas que se fagan desde as administracións competentes e despreparar todo un aparato destinado a dar resposta as estas novas situacións que están empeorando moito a vida das mulleres que conviven cos seus agresores. Os datos do primeiro semestre do ano indican que houbo un incremento do 30% nas beneficiarias de axudas económicas, que o número de consultas no teléfono de atención a vítimas se incrementou un 35% e tamén que as consultas aos CIM aumentaron nun 16%. A maioría destas consultas teñen a ver con atención psicolóxica, acceso a recursos asistenciais e ordes de protección.

Tamén se están a constatar as dificultades coas que se atopan as mulleres que precisan recorrer ás casas de acollida onde se lles piden innumerábeis requisitos médicos e sanitarios vinculados á situación de pandemia que estamos a vivir, pero que nin as vítimas nin os CIM que as derivan teñen medios para resolvelo. As mulleres vense expostas ao abandono institucional por non poder cumprir coas condicións para ingresar nunha casa de acollida, poñendo en risco aínda máis as súas vidas e as dos seus fillos e fillas. Urxe facer unha valoración global da situación na que se atopan as mulleres vítimas de violencia e dar unha resposta integral a todas estes atrancos que xorden da COVID-19.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Rexeitar de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade.
- O compromiso desta institución a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.
- A colaboración activa na creación e dotación de medios dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, co propio Concello, e coa sociedade no seu conxunto.
- Reclamar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no proxecto de orzamentos de 2021 de forma que se sitúen, como mínimo, “no 1% do total” e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Demandar do Goberno do estado que modifique a lei avanzando nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella
- Demandar medidas concretas e verdadeiramente eficaces para previr a violencia contra as mulleres no ámbito laboral, especialmente presente nos sectores máis feminizados, ou

no seu caso, castígalas con contundencia. Contornas laborais violentas amplifican a violencia que as mulleres sufrimos en todos os eidos da vida, e nestes casos, as administracións públicas dispoñen de competencias e instrumentos legais que poden e deben utilizar.

- Pedir a mellora dos puntos de encontro que seguen a ser lugares onde se trata con equidistancia á vítima e ao agresor coa desculpa de non interferir nas relacións coas crianzas. Ese enfoque en si mesmo xa é violento, porque coloca á vítima ao mesmo nivel que o agresor e, polo tanto, ponse do lado do poderoso afundindo aínda máis ás mulleres que acoden por orde xudicial a estes puntos de encontro.

.- Así mesmo, reclamar que a Xunta, con toda a urxencia posible, deseñe os mecanismos que considere oportunos para manter a seguridade sanitaria nas casas de acollida pero sen poñer trabas no ingreso das mulleres que así o precisen, mediante convenios co SERGAS, creación de equipos sanitarios específicos, zonas de corentena ou calquera outra medida que resolva a situación que neste momento están a vivir as mulleres que acoden a unha casa de acollida”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que, tratándose do dato que se reflicte na moción de que “*parece ser*”, en relación coas casas de acollida, lle gustaría saber de onde se sacou ese dato en relación co que se está facendo agora coas casas de acollida.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, di que hoxe é o 25 de novembro, adicado a lembrar que a violencia sobre as mulleres existe, polo simple feito de ser mulleres. Anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que como saben todos os grupos a continuación se dará lectura a unha declaración institucional pola celebración deste día.

A sra. Diéguez sinala que o grupo municipal do BNG nunca da datos que non teña contrastados, polo que se din iso é porque hai uns datos oficiais que o corroboran.

A sra. Nariño di que ela so quere dar un dato obxectivo. Sinala que dende logo eles como grupo consideran que todos os días tiñan que ser un 25 N, porén con respecto a este dato si que pode dicir que dende o 20 de marzo o goberno autonómico puxo en marcha un plan de reforzo para garantir a seguridade das vítimas da violencia de xénero con respecto á pandemia que se está a vivir, e dentro desa veintena de medidas que se están levando a cabo, unha delas foi fortalecer a rede dos centros de acollida. Remata a sra. Nariño a súa intervención sinalando que o grupo municipal do PP xamais ía a votar en contra, porén con este matiz o sentido de voto do seu grupo vai a ser a abstención, de aí a pregunta anterior.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:

.- Rexeitar de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade.

.- O compromiso desta institución a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.

.- A colaboración activa na creación e dotación de medios dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, co propio Concello, e coa sociedade no seu conxunto.

- Reclamar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no proxecto de orzamentos de 2021 de forma que se sitúen, como mínimo, “no 1% do total” e

así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Demandar do Goberno do estado que modifique a lei avanzando nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

- Demandar medidas concretas e verdadeiramente eficaces para previr a violencia contra as mulleres no ámbito laboral, especialmente presente nos sectores máis feminizados, ou no seu caso, castígalas con contundencia. Contornas laborais violentas amplifican a violencia que as mulleres sufrimos en todos os eidos da vida, e nestes casos, as administracións públicas dispoñen de competencias e instrumentos legais que poden e deben utilizar.

- Pedir a mellora dos puntos de encontro que seguen a ser lugares onde se trata con equidistancia á vítima e ao agresor coa desculpa de non interferir nas relacións coas crianzas. Ese enfoque en si mesmo xa é violento, porque coloca á vítima ao mesmo nivel que o agresor e, polo tanto,ponse do lado do poderoso afundindo aínda máis ás mulleres que acoden por orde xudicial a estes puntos de encontro.

- Así mesmo, reclamar que a Xunta, con toda a urxencia posible, deseñe os mecanismos que considere oportunos para manter a seguridade sanitaria nas casas de acollida pero sen poñer trabas no ingreso das mulleres que así o precisen, mediante convenios co SERGAS, creación de equipos sanitarios específicos, zonas de corentena ou calquera outra medida que resolva a situación que neste momento están a vivir as mulleres que acoden a unha casa de acollida.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, sinala que dentro das mocións teñen constancia polo menos de dúas.

7.1.- Declaración institucional do Concello de Teo na conmemoración do 25 de novembro “Día internacional da eliminación da violencia de xénero 2020”.

Refírese o sr. alcalde á declaración institucional sobre o 25N subscrita por todos os grupos da Corporación e sinala que procede en primeiro lugar someter a votación a urxencia.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da Declaración institucional do Concello de Teo na conmemoración do 25 de novembro “Día internacional da eliminación da violencia de xénero 2020”.

A sra. Otero explica que normalmente este día se faría un acto público para así poder facer visible a toda a sociedade este rexeitamento a este tipo de violencias machistas. Porén este ano, coa situación que se está a vivir de emerxencia sanitaria e tendo en conta que hoxe mesmo habería Pleno ordinario, decidiuse facer un acto máis contido. Explica que en todo caso socialmente a xente leva todo o día intentando expresar ese rexeitamento da mellor maneira que consideran, como a campaña dos comercios de vestir todos os escaparates de loito, en sinal de loito pola morte das mulleres. Sinala que como Corporación municipal tamén é o seu deber visibilizar este rexeitamento, de aí que se lea a declaración institucional neste momento. Explica a sra. Otero que puxo como nota a definición de declaración institucional.

A sra. Otero da lectura á declaración institucional nos termos que se recollen a continuación.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO NA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO” 2020

Nota: Declaración Institucional é un instrumentos de carácter excepcional que recolle, solemnemente, un pronunciamento que poña de manifesto o sentir unánime de todas as persoas que integran unha asemblea, corporación, etc dunha institución pública en torno a situacións ou acontecementos de actualidade. A finalidade é trasladarlle á sociedade, a transcendencia e importancia dos valores que se pretenden transmitir.

O 25 de novembro foi elixido como día no que chamar a atención sobre un dos maiores problemas da sociedade actual. O máximo expoñente das desigualdades entre homes e mulleres. É o día elixido para denunciar as violencias que sofren as mulleres polo mero feito de selo e a fatal consecuencia das mesmas, a morte.

O noso país desgraciadamente non é alleo a esta problemática. Somos testemuñas do goteo constante de mulleres asasinadas por parte dos homes do seu arredor.

Neste 2020, a situación excepcional de confinamento e limitación da mobilidade derivada da emerxencia sanitaria, provocou que organizacións feministas e persoal que traballa nas áreas de servizos sociais e de atención integral ás mulleres que sofren violencias machistas, alertaran que esta era unha situación que volvía máis vulnerables ás mulleres ante situacións de perigo. Dende estes colectivos, dende as administracións e en grande medida dende o tecido veciñal, mantívose o estado de alerta para evitar calquera indicio de violencia sobre as mulleres.

Pese a isto, os datos que se comezan a manexar deste 2020 amosan unha realidade pouco alentadora na hora da loita contra as violencias machistas.

No primeiro semestre de 2020, as denuncias por violencia machista reducíronse coincidindo co período de confinamento obrigado. Mais a partir de xuño, coincidindo coa finalización do período de confinamento, as persoas que traballan con mulleres en situación de violencia de xénero percibiron un aumento das demandas de atención por parte das vítimas.

A conclusión é que esta situación de confinamento obrigado agochou e agravou a realidade das vida das mulleres que sofren violencia machista.

A explicación da tendencia observada, descenso de denuncias e de solicitudes de atención especializada por situacións de malos tratos físicos ou psicolóxicos durante o confinamento, debeuse a que estaban baixo a ameaza constante dos seus agresores.

Por esta razón, fronte ás violencias machistas non se pode baixar a garda en ningunha situación.

O proceso nos que os actos violentos van cambiando e evolucionando cara o desastre prodúcese maioritariamente na intimidade do fogar ou polo menos fóra da vista dos demais.

Por iso, por esta impunidade estrutural, é tan necesario que como sociedade denunciemos, visibilicemos e rexeitemos este tipo de comportamentos e consecuentemente non sexamos cómplices de situacións de violencia sobre as mulleres. Debemos estar alerta e prestar axuda se fose necesario.

No plano político debe apostarse pola **consignación orzamentaria** das áreas que teñan un papel relevante na prevención das violencias de xénero e promoción da igualdade entre mulleres e homes. A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero, de recoñecer as graves fendas de xénero existentes no ámbito social, económico, cultural, cómpre atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas reais para a promoción da igualdade e a prevención das violencias entre as nosas veciñas e veciños que contemplan recursos humanos e económicos para o seu correcto desenvolvemento, no ámbito da educación, da xustiza, dos cuidados, na rede de servizos dirixidos a mulleres coa finalidade de dotalos de profesionais, infraestruturas e orzamentos acorde coa situación actual na que debe primar a concepción globalizada do problema.

Institucións e veciñanza, todas temos un deber na loita contra a violencia de xénero.

Por iso, a poboación do Concello de Teo, representada pola Corporación Municipal, reitera o seu compromiso de:

1. Asumir o contido do Plan Municipal de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, ferramenta guía da acción en igualdade da corporación.
2. Reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado o financiamento necesario para que as medidas de prevención da violencia de xénero e as de apoio ás súas vítimas sexan executables e non só unha declaración de intencións.
3. Reclamar unha planificación técnica dos recursos específicos para as mulleres en risco de maltrato. Que recolla unha atención flexible e adaptada ás necesidades das mulleres,

incorporando técnicas de acompañamento e empoderamento. En definitiva, que o sistema de atención se actualice para axustarse á situación actual.

4. Facilitar ás vítimas o acceso aos medios e recursos dispoñibles e apoialas no proceso de superación da situación de violencia, así como ás súas familias.

5. Garantir a intervención integral de todas as instancias implicadas no itinerario de actuación ante situacións de violencia de xénero.

6. Promover unha actitude social de rexeitamento activo contra os agresores e de apoio ás vítimas, contra o sexismo e contra as manifestacións cotiás de desprezo ás mulleres.

7. Reclamar da nosa cidadanía a responsabilidade, necesaria para non seguir tolerando na nosa contorna ningunha situación de violencia, sexismo nin discriminación cara ás mulleres actuando de inmediato mediante a denuncia destas situacións.

8. Rexeitar os procesos de criminalización que se articulan, especialmente desde algúns sectores políticos, contra a labor dos colectivos que traballan pola erradicación da violencia que sofren as mulleres polo único feito de ser mulleres. Estes colectivos contan, co recoñecemento desta corporación.

9. Recoñecer e apoiar o traballo realizado a través de diferentes programas e campañas de protección e prevención dos colectivos feministas, moitas veces en coordinación continua entre institucións e outras organizacións sociais. Este Concello participa nas campañas En Negro contra as violencias e De fronte contra as violencias.

Teo, 25 de novembro de 2020"

O sr. alcalde sinala que entendendo que a declaración institucional está pactada, se vai a proceder a ratificala coa votación

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a declaración institucional que se recolle a continuación.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO NA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO” 2020

Nota: Declaración Institucional é un instrumentos de carácter excepcional que recolle, solemnemente, un pronunciamento que poña de manifesto o sentir unánime de todas as persoas que integran unha asemblea, corporación, etc dunha institución pública en torno a situacións ou acontecementos de actualidade. A finalidade é trasladarlle á sociedade, a transcendencia e importancia dos valores que se pretenden transmitir.

O 25 de novembro foi elixido como día no que chamar a atención sobre un dos maiores problemas da sociedade actual. O máximo expoñente das desigualdades entre homes e mulleres. É o día elixido para denunciar as violencias que sofren as mulleres polo mero feito de selo e a fatal consecuencia das mesmas, a morte.

O noso país desgraciadamente non é alleo a esta problemática. Somos testemuñas do goteo constante de mulleres asasinadas por parte dos homes do seu arredor.

Neste 2020, a situación excepcional de confinamento e limitación da mobilidade derivada da emerxencia sanitaria, provocou que organizacións feministas e persoal que traballa nas áreas de servizos sociais e de atención integral ás mulleres que sofren violencias machistas, alertaran que esta era unha situación que volvía máis vulnerables ás mulleres ante situacións de perigo. Dende estes colectivos, dende as administracións e en grande medida dende o tecido veciñal, mantívose o estado de alerta para evitar calquera indicio de violencia sobre as mulleres.

Pese a isto, os datos que se comezan a manexar deste 2020 amosan unha realidade pouco alentadora na hora da loita contra as violencias machistas.

No primeiro semestre de 2020, as denuncias por violencia machista reducíronse coincidindo co período de confinamento obrigado. Mais a partir de xuño, coincidindo coa finalización do período de confinamento, as persoas que traballan con mulleres en situación de violencia de xénero percibiron un aumento das demandas de atención por parte das vítimas.

A conclusión é que esta situación de confinamento obrigado agochou e agravou a realidade das vida das mulleres que sofren violencia machista.

A explicación da tendencia observada, descenso de denuncias e de solicitudes de atención especializada por situacións de malos tratos físicos ou psicolóxicos durante o confinamento, debeuse a que estaban baixo a ameaza constante dos seus agresores.

Por esta razón, fronte ás violencias machistas non se pode baixar a garda en ningunha situación.

O proceso nos que os actos violentos van cambiando e evolucionando cara o desastre prodúcese maioritariamente na intimidade do fogar ou polo menos fóra da vista dos demais.

Por iso, por esta impunidade estrutural, é tan necesario que como sociedade denunciemos, visibilicemos e rexeitemos este tipo de comportamentos e consecuentemente non sexamos cómplices de situacións de violencia sobre as mulleres. Debemos estar alerta e prestar axuda se fose necesario.

No plano político debe apostarse pola **consignación orzamentaria** das áreas que teñan un papel relevante na prevención das violencias de xénero e promoción da igualdade entre mulleres e homes. A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero, de recoñecer as graves fendas de xénero existentes no ámbito social, económico, cultural, cómpre atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas reais para a promoción da igualdade e a prevención das violencias entre as nosas veciñas e veciños que contemplan recursos humanos e económicos para o seu correcto desenvolvemento, no ámbito da educación, da xustiza, dos cuidados, na rede de servizos dirixidos a mulleres coa finalidade de dotalos de profesionais, infraestruturas e orzamentos acorde coa situación actual na que debe primar a concepción globalizada do problema.

Institucións e veciñanza, todas temos un deber na loita contra a violencia de xénero.

Por iso, a poboación do Concello de Teo, representada pola Corporación Municipal, reitera o seu compromiso de:

1. Asumir o contido do Plan Municipal de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, ferramenta guía da acción en igualdade da corporación.
2. Reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado o financiamento necesario para que as medidas de prevención da violencia de xénero e as de apoio ás súas vítimas sexan executables e non só unha declaración de intencións.
3. Reclamar unha planificación técnica dos recursos específicos para as mulleres en risco de maltrato. Que recolla unha atención flexible e adaptada ás necesidades das mulleres,

incorporando técnicas de acompañamento e empoderamento. En definitiva, que o sistema de atención se actualice para axustarse á situación actual.

4. Facilitar ás vítimas o acceso aos medios e recursos dispoñibles e apoialas no proceso de superación da situación de violencia, así como ás súas familias.

5. Garantir a intervención integral de todas as instancias implicadas no itinerario de actuación ante situacións de violencia de xénero.

6. Promover unha actitude social de rexeitamento activo contra os agresores e de apoio ás vítimas, contra o sexismo e contra as manifestacións cotiás de desprezo ás mulleres.

7. Reclamar da nosa cidadanía a responsabilidade, necesaria para non seguir tolerando na nosa contorna ningunha situación de violencia, sexismo nin discriminación cara ás mulleres actuando de inmediato mediante a denuncia destas situacións.

8. Rexeitar os procesos de criminalización que se articulan, especialmente desde algúns sectores políticos, contra a labor dos colectivos que traballan pola erradicación da violencia que sofren as mulleres polo único feito de ser mulleres. Estes colectivos contan, co recoñecemento desta corporación.

9. Recoñecer e apoiar o traballo realizado a través de diferentes programas e campañas de protección e prevención dos colectivos feministas, moitas veces en coordinación continua entre institucións e outras organizacións sociais. Este Concello participa nas campañas En Negro contra as violencias e De fronte contra as violencias.

Teo, 25 de novembro de 2020"

7.2.- Moción en defensa do viario municipal da canteira da Casalonga do 25 de novembro de 2020.

Explica o sr. alcalde que hai outro moción de urxencia que vai en defensa do viario municipal da canteira da Casalonga. Explica que a urxencia ven motivada porque hoxe foi publicado no BOP un anuncio de expropiación, chegando tamén unha comunicación ao Concello para alegar, no prazo de quince días, o que se considere oportuno, de aí que se considere necesario tratalo a este Pleno.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción en defensa do viario municipal da canteira da Casalonga.

O sr. alcalde sinala vai a proceder a dar lectura á moción por ser bastante clarificadora.

“MOCIÓN EN DEFENSA DO VIARIO MUNICIPAL DA CANTEIRA DA CASALONGA

No Boletín Oficial da Provincia do mércores 25 de novembro de 2020, aparece o anuncio do Acordo da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, de data 18 de novembro de 2020, polo que se somete á información pública a solicitude de expropiación forzosa relacionada coa concesión de explotación “Casalonga” nº 6996, no Concello de Teo, expediente IN334A 2020/01-1.

O ben a expropiar descríbese, dado que no anuncio non se indica nin referencia catastral nin datos rexistrados da parcela, como *“franja comprendida entre os puntos quilométricos 6+400 e 7+600 da EP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa e que foi desafectada e permutada pola Deputación Provincial da Coruña á mercantil Camilo Carballal SL, por acordo plenario do 30 de marzo de 2006”*, cunha superficie de 10.544 m².

En dito expediente de expropiación forzosa, aparece como administración expropiante a Xunta de Galicia, como beneficiario Toca Salgado, SI (Toysal) e como expropiado, un terceiro, Manuel Carballal Pazos.

Dita franxa, denominada *pista da canteira*, é de propiedade municipal conforme á Concentración parcelaria de San Xoan de Calo - acta de recepción dos camiños de uso público e planos de situación dos camiños afectados de data 14 de maio de 2008-, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, da Xunta de Galicia, Rexistro de entrada no Concello de Teo, de 9 de xuño de 2008.

Dita pista discorre entre as parcelas 825-1040 e 1041 do plano de concentración parcelaria de Teo, e é identificada no Catastro coa referencia catastral 15083A514090800000KQ, como vía de comunicación de dominio público.

A existencia dun viario municipal que cruza a canteira e os títulos que acreditan a titularidade municipal deste viario, foron postos en coñecemento en numerosas ocasións ante a administración expropiante, a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, a última vez en data 27 de outubro de 2020, no requirimento por parte do Alcalde de Teo, de anulación da aprobación do plan de voaduras para o ano 2020, rexistro de saída 202090000000911, de 27/10/2020, por non axustarse ao establecido na normativa aplicable, ao non incluír un viario municipal.

Pero en vez de respostar este requirimento municipal de anulación, a mesma Xefatura Territorial resolve iniciar un expediente expropiatorio en beneficio da empresa Toysal, tentando obviar, unha vez máis, os títulos de propiedade municipal sobre este viario.

Dadas as consecuencias do expediente de expropiación iniciado pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, consecuencias gravísimas posibles sobre este ben municipal de uso veciñal, o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o seu total rexeitamento ante o Acordo da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, de data 18 de novembro de 2020, polo que se somete á información pública a solicitude de expropiación forzosa relacionada coa concesión de explotación “Casalonga” nº 6996, no Concello de Teo, expediente IN334A 2020/01-1, ao afectar ao viario público coñecido como a pista da canteira, ben de dominio público.

SEGUNDO.- Apoiar as medidas que se adopten na defensa deste ben municipal pola Corporación Municipal, en cumprimento da súa obriga de defensa e custodia dos seus bens e dereitos.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, así como a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Teo, 25 de novembro de 2020”

O sr. alcalde explica que, como Corporación e exercendo e actuando en defensa dos interese públicos, non cuestionan esta permuta que se aproba polo Pleno da Deputación Provincial no ano 2006, permuta para a construción da variante da estrada das canteiras, porén ese feito é previo á concentración parcelaria e de feito xa con eles aquí e coa actuación do naquel momento concelleiro do PP, sr. Castroagudín, se lles requiriu, antes da entrega do viario, unha reparación de diversos camiños desa concentración, e o 14 de maio de 2018 se recibe o documento acta de entrega deses camiños municipais de uso público, entre os que aparece a estrada da canteira. Salienta o sr. alcalde que eles non coñecen a intrahistoria desa permuta, incluso non cuestionan que se iso non se realizou correctamente o sr. Carballal teña dereito a defender os seus intereses e teña dereito a unha indemnización, porén o que está claro é que hai un acordo dunha Administración Pública na entrega dese camiño á Corporación Municipal polo que non se pode renunciar á defensa dese dereito. Salienta o sr. alcalde que non debería ser unha defensa partidaria, senón unha defensa colectiva como Corporación, e nese senso quere aclarar o punto segundo no senso de que, por iso, calquera das medidas que se adopten, será unha medida consensuada de todas as forzas políticas.

Salienta o sr. alcalde que a proposta, aínda que formalmente por ser de urxencia a presenten eles, lle gustaría que fora unha proposta asumida por todas as forzas políticas para facer así ese traslado e esa predisposición a defender o que é de titularidade do Concello.

Sinala o sr. alcalde que é certo que o propio anuncio da expropiación ten unha certa perversión administrativa, porque o feito de que lle atribúan ese ben a un particular fai máis xustificable esa expropiación, porque se a Dirección Xeral de Minas recoñecese a propiedade do Concello a necesidade da expropiación debería de ser totalmente distinta porque habería que xustificar cal é a necesidade de expropiación dun camiño público, para, probablemente, facer un camiño de uso privado, pero tamén camiño, polo que se requiriría outro tipo de argumentación. Remata o sr. alcalde reiterando que

pretenden que sexa unha proposta consensuada e nese senso considera que a moción é moi respectuosa e rixida no que é a defensa dos intereses da Corporación.

Aberta a primeira quenda intervencións, o concelleiro do BNG, sr. Barreiro, di que o seu grupo vai a apoiar esta moción, ao entender que é pertinente defender os intereses do veciños, sobre todo, engadindo que isto se podería cualificar case de roubo. Considera que de todas formas todos están de acordo en que isto significa o que levan advertindo moitísimo tempo, que Toysal vai en serio e que, evidentemente, van facer o vertedoiro se non se toman medidas contundentes, entendendo que comezan *de facto* coa explotación da canteira coa intención de facer un vertedoiro. Supón o sr. Barreiro que a explotación da canteira será pouco tempo e agarda que non faga falla lembrarlle ao portavoz municipal do PP a súa promesa no debate das municipais pasadas, engadindo que, como xa advertiron daquela, Toysal agardou ás eleccións autonómicas e agora está tomando a iniciativa e non vai desistir da súa intención de poñer un vertedoiro. Opina o sr. Barreiro que o PP xa non se pode poñer máis de perfil neste tema, e xa non se pode dicir que a Xunta non está colaborando coa empresa. Resulta pertinente que se tomen medidas non só na Corporación senón na Xunta de Galiza e por suposto tamén no Goberno do Estado que algo tamén ten que dicir, e que cambien dunha vez esas lexislacións que permiten este tipo de atropelos á poboación do Concello.

O sr. Barreiro sinala que lle gustaría saber se entre estas medidas que se van a tomar, ou que se di que se van a tomar, se se considera ou se se vai considerar ir a un contencioso como xa pediu o seu antecesor, sr. Fernández, en moitas ocasións, a pesar de que se lle recriminara, engadindo que esa ademais é a vía, a vía que pode paralizar polo menos de momento este tema que ao BNG lle parece gravísimo. Agarda o sr. Barreiro que o Concello ou o goberno municipal se poña en marcha e lles indique cales son as medidas que se van a tomar máis alá de facer unha declaración, que está moi ben, pero hai que empezar a tomar en serio esta ameaza, que xa non é unha ameaza, senón a constatación dun feito gravísimo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que efectivamente non é un tema baladí e é a demostración máis palpable de que Toysal ten un gran aliado que é Minas, engadindo que é verdade que xa levan moito tempo percibindo esa alianza.

Explica que levan dous anos e medio con este tema e chegar a un expediente a Minas é moi complicado, as trabas administrativas son longas, primeiro dáselle traslado a calquera acceso ao expediente a Toysal, eles normalmente presentan recurso contencioso, outras veces vaise á comisión de transparencia e mentres tanto Minas segue sen dar os expedientes ao Concello. Opina a sra. Lemus que é curioso porque na propia comisión de transparencia en cambio si que Minas defende esa celeridade que non ten co Concello para outros expedientes, pero no caso de Teo si que é verdade que segue ao dedillo calquera artigo que lle indique Toysal. Así, por exemplo, determinada documentación do ano 2019, ao inicio do procedemento de caducidade, que foi en agosto de 2019, chegou ao Concello en outubro do 2020. Salienta a sra. Lemus que conseguiron máis información do avogado de Toysal, o día que intentaron pechar o viario, porque ese día lles deu unha carpeta chea de documentación, conseguíndose máis documentación que toda a que lles deu Minas nos últimos anos, o que resulta curioso. Explica a sra. Lemus que entre esa documentación ía un convenio expropiatorio entre unha empresa e o propietario, suposto, desa franxa de terreo, que era de finais do mes de xullo e naquel momento valoraron que ningún documento era público e que tampouco tiña ningunha validez a efectos legais, e que se traba dun convenio expropiatorio en base a non se sabía que procedemento porque dende Minas en ningún momento ata hoxe se comunicou que había un procedemento expropiatorio nesa franxa de terreo. Explica a sra. Lemus que esa franxa de terreo a identifican dunha determinada forma porque non lle poñen nin referencia catastral nin rexistro da propiedade nin datos rexistrals, identifícanas así porque non existe en ningún sitio máis que nunha permuta. Unha permuta do ano 2006, efectivamente, despois cun título de compravenda privada, ante notario, entre dous particulares no ano 2007, e que non aparece en ningún sitio nin no rexistro nin no catastro. Salienta a sra. Lemus que, como dixo o sr. alcalde, no discuten esa permuta e o seu valor, tratándose dun propietario que tivo un problema claramente con concentración parcelaria que non se lle tivo en conta un ben, resultando ademais probable que se vai a un tribunal poida gañar unha indemnización ou o que sexa, porén o que non vai gañar é un viario público dende o ano 2008, que é o que se está defendendo na moción. Salienta a sra. Lemus que o feito que para ela máis doe de todo isto, de Minas, é que se lle teñen remitido bastantes escritos a Minas comentándolle que é un viario municipal, con informes

técnicos e con aportación de títulos, comezándose xa en agosto do 2019 con esta aportación de títulos, seguíndose en outono de 2019 e o último escrito, de outubro de 2020, refírese ao requirimento de anulación do plan de voaduras, asinado polo sr. alcalde do Concello de Teo.

Explica a sra. Lemus que, ademais de todas estas comunicacións, a Minas foron dúas veces no ano 2019, engadindo que ten que dicir que este ano xa non tiveron a ben recibilos en ningún momento. Sinala que despois falará das medidas que van a tomar cara ao futuro, engadindo que todo o exposto se ten comentado alí, co mesmo señor que asina o anuncio de expropiación.

Explica a sra. Lemus que as expropiacións para beneficio dun terceiro, que é o que se está facendo, son perfectamente legais, non son discutibles dende o punto de vista da legalidade, e si que é verdade que ademais Minas as emprega para a obtención de terreos en caso de cuadrículas mineiras para explotación. Di que a ela lle chirría bastante que o faga nun viario que non vai explotar, porque alí non vai a poder existir unha explotación, polo que lle gustaría ver o expediente, e tamén lle chama a atención que Toysal leva dous anos dicindo que o viario era del, incluso o intentou pechar fai un mes dicindo que era del, que os títulos o argumentaban, o cal indica que era completamente falso o que estaba dicindo naquel momento. Sinala a sra. Lemus que iso o di sobre todo por ese momento de comunicados de prensa que foi posteriormente de venda de bondades da súa empresa, como unha empresa legal, cando hai un mes intentou pechar un viario municipal que sabía perfectamente que, se non era viario municipal, era dun terceiro, co cal xa chama moito máis a atención. Sinala a sra. Lemus que seguen coa mesma idea de que Minas está intentando, dun tempo a esta parte con máis fortaleza, apoiar as teses de Toysal, incluído o arquivo do procedemento de caducidade, ao cal non tiveron acceso en ningún momento aínda que se solicitou, argumentando Minas que o Concello non tiña a condición de interesado.

A sra. Lemus explica que agora mesmo teñen varias opcións abertas. Traer hoxe ao Pleno a moción non é a única das medidas, nin vai ser a principal. Vanse presentar alegacións, hoxe xa se pediu reunión coa nova Directora Xeral, que agora non é de Minas, é de “planificación enerxética e recursos naturais”, Paula Uria, porque antes era o Director Xeral de Enerxía, o imputado sr. Taoces, pediuse reunión co Xefe provincial,

e mañá presentarase a solicitude de acceso ao expediente, presentaranse alegacións en prazo e, chegado un determinado momento, ten pouco dúbidas de que se chegará á vía xudicial, sempre en defensa dos intereses e dos bens municipais.

Salienta a sra. Lemus que toda a súa preocupación co tema de Toysal, hai moito tempo que xa pasou da preocupación polo cambio normativo, porque agora mesmo da igual a normativa que teña en vigor Toysal, porque está empregando un Plan de restauración do ano 2002, permitido pola Dirección Xeral de calidade ambiental, en xullo deste ano, e supostamente por Minas, porque ninguén lles dou acceso a este expediente, pese a que se pediu fai un mes. Explica que ninguén lles aclarou se estaba en vigor ese Plan de restauración do ano 2002 presentado por Camilo Carballal cunha declaración de impacto ambiental do ano 2002, cando cambiou moito a normativa de impacto ambiental, moito a lexislación dos plans de restauración, e ademais o PXOM de Teo é un elemento básico para entender que ese plan de restauración de Carballal non pode ser un plan en vigor.

Salienta a sra. Lemus que, independentemente diso, non saben, non teñen acceso, xa se pediu copia á Dirección Xeral de calidade ambiental, que lles remitiu a Minas e esta, como sempre, non vai contestar ata, supón, o próximo ano por estas datas.

Explica a sra. Lemus que o máximo exemplo desa reiterada postura de Minas con respecto aos intereses municipais do Concello de Teo é que despois de pedir a condición de interesado no expediente de caducidade, lles pediu unha subsanación, no medio da pandemia na primeira ola, na que sinalaba cales eran, en base á Lei 39/2015, como se podía acreditar a condición de interesado, e se fixo, se subsanou e, posteriormente, o único que fixeron, en outubro de 2020, foi remitir un comunicado dicindo que non tiñamos a condición de interesado porque non ían aplicar a Lei 39/2015 senón a Lei de Minas do ano 1973, lei franquista na que claramente as condicións de interesado non era como algo elemental.

Está de acordo a sra. Lemus en que Toysal vai seguir, está fortalecida, fai algunhas cousas curiosas, como o de intentar o peche do viario municipal. Nese momento abríuselle expediente, dándolle prazo de alegacións, e non dixo nada nese período de alegacións do expediente de reposición da legalidade. O seguinte que se atopa sobre

ese viario municipal que queren pechar é isto. Explica a sra. Lemus que levan moito tempo discutindo con eles de que non era o seu viario, dicíndolle que foran ao Xulgado, que o Concello ía defender a súa propiedade, e así se está facendo. Aglomerouse o ano pasado, limpáronse cunetas, aínda o outro día colocáronse biondas, etc, polo que se está exercendo a plena titularidade do ben e os veciños o empregan todos os días, e ademais foméntase que o utilicen, cantos máis veciños mellor, xa que é unha forma de acurtar moito para chegar á Casalonga, ten sinalización municipal, limitación de tonelaxe, etc.

Explica a sra. Lemus que, como Toysal non responde a iso, entende que busca un aliado máis potente que lle dea un visto de legalidade a ese suposto título en vigor de Carballal. Salia que claramente o que se pretende con esta moción é dar unha imaxe pública de defensa dos intereses veciñais públicos, porque se trata dun viario público, non soamente veciñal, e porque calquera tipo de Administración cando expropia soe ser bastante máis considerada que neste caso Minas.

Salia a sra. Lemus que, sabendo perfectamente que hai neste problema, ao xefe provincial, Isidoro Martínez Arca, se lle ocorre mandar unha exposición pública para que se colgue nun taboleiro e se lle mande un certificado de se alguén presentou alegacións, o cal se trata dunha burla ao Concello de Teo que non van a permitir.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez dálle a benvinda ao novo concelleiro do BNG, engadindo que en primeiro lugar é a este concelleiro ao que se quere dirixir. Dille ao sr. Barreiro que non lle caiba ningunha dúbida de que o PP vai estar do lado dos veciños de Casalonga, e do lado de que todo isto non vaia adiante, e por iso, por se lle cabía algunha dúbida ao portavoz do BNG, van a apoiar a moción.

Considera o sr. Sánchez que é realmente indignante que veña o sr. Barreiro hoxe aquí e que a súa primeira alegación sexa esa, despois das profusas demostracións que o PP ten dado nese senso. Dirixíndose ao sr. Barreiro, dille que se lle da a escoller ós/as concelleiros/as do PP presentes, e a concelleira que non puido asistir ao Pleno, entre o PP e Casalonga van escoller Casalonga, e se se lle da a escoller entre a Xunta

e Casalonga, van escoller Casalonga, van escoller por suposto a veciñanza de Casalonga. Dirixíndose ao sr. Barreiro, o sr. Sánchez dille que non lle caiba ningunha dúbida.

Di o sr. Sánchez que o que tamén se preguntan é porque se trae a Pleno. Considera que en todos os procedementos con Toysal non se puido ter un papel máis escurantista, todos os procedementos que se fixeron con Toysal se fixeron porque quixo o goberno municipal, cando quixo e como o quixo, ocultándolle a todos o que se estaba a facer, manténdolles a todos aquel proxecto escondido durante oito meses nun caixón. Houbo unha reunión con Toysal en verán sen informarlles previamente, cando puideron telo feito, e hoxe tráese isto aquí sen darlles ningún tipo de información, cando teñen dito que se lles informe de todo o que teña que ver con Toysal. Sinala o sr. Sánchez que non teñen os informes preceptivos de Secretaría, nin teñen os informes preceptivos da Alcaldía, que lles dean conta da titularidade da pista municipal e que se precisarían coñecer con detalle e analizar legalmente antes de chegar aquí ao Pleno para poder ter un posicionamento claro, decidido e con todas as da lei. Sinala o sr. Sánchez que van a votar cos ollos totalmente cegos, sen ter esa información previa, engadindo que van a votar a favor polo pleno convencemento de varias cousas, primeiro, por apoiar á veciñanza, segundo, por demostrar unha Corporación unida, cousa que o goberno municipal non fixo, fartándose repetidamente de demostrar totalmente o contrario, e terceiro e sobre todo polo ben de todos e por defender un ben que polo que se pon na moción é de todos/as os/as veciños/as de Teo e de toda a veciñanza, e por conseguinte do Concello de Teo.

O sr. alcalde sinala que con respecto ao que hai que facer nun futuro máis inmediato, é obvio, é dicir, hai un prazo de alegacións no que se van a presentar as alegacións correspondentes, solicitando loxicamente a nulidade do proceso de expropiación, tanto en canto o principal compoñente dese proceso de expropiación é a propiedade e a propiedade está mal, e ademais cunhas consecuencias importantes no senso de que se trata de expropiar a outra Administración para teoricamente facer o mesmo uso que xa se fai do ben, neste caso unha estrada de uso público.

A partir de aí, dependendo da contestación e do efecto que teñan esas alegacións, a actuación subseguinte, se non son admitidas, será a vía xudicial, xa que non queda outra, e estarase totalmente na defensa da propiedade.

Sinala o sr. alcalde, dirixíndose ao sr. Sánchez, que esa é a clave de todo isto, a defensa da propiedade, engadindo que non se trata dun posicionamento político de interpretación, senón que se está falando de propiedades municipais. Salienta o sr. alcalde que hoxe sae no BOP, porén máis alá do BOP, ao que todos teñen acceso en igualdade de condicións, aparece o escrito, sobre as 12 da mañá, escrito que di practicamente e literalmente que se dea publicidade, é dicir, se lle traslada ao Concello que se dea publicidade ao que aparece no BOP, engadindo que non hai máis.

Explica o sr. alcalde que a partir dese momento empeza unha actividade frenética precisamente buscando a documentación máis decidida na defensa deses intereses, e a documentación máis decidida que atoparon, despois de rebuscar en arquivos, en armarios e demais, é a acta de entrega do camiño público, é dicir, que está a disposición de calquera que a queira consultar. Salienta que, dende as tres menos cuarto a esta hora, non teñen forma de facer nada máis. Sinala que nese interese da unidade, vai a escapar dos comentarios que fixo o sr. Sánchez, dos que xa coñece ese concelleiro a súa opinión e tamén a obxectividade ou non obxectividade. Reitera que, precisamente por iso, vai a escapar diso, porque agora estase na defensa da propiedade municipal e aí non hai marxe para discrepancia, e por iso someten esta moción ao Pleno e se formula como se formula.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o concelleiro do BNG, sr. Barreiro, sinala que en primeiro lugar quere responderlle ao concelleiro do PP, sr. Sánchez. Dirixíndose a este concelleiro dille que para el é un orgullo que se indigne coa súa intervención, engadindo que non podía ter mellor debut que indignar ao PP nesta Corporación. Sinala que, despois da exposición da concelleira de urbanismo, sra. Lemus, o sr. Sánchez pregunta se lle cabe algunha dúbida de que o PP apoie ós veciños, engadindo que evidentemente que lle cabe, xa que está clarísimo que non apoian aos veciños, está clarísimo que están apoiando a unha empresa, está clarísimo que a súa actuación sempre foi oscurantista e sempre foi de poñerse do lado dos que queren poñer minas, dos que queren poñer calquera tipo de negocio que explote os bens

comúns, que faga uso dos bens comúns, e que vaia sempre contra a veciñanza. Sinala que nas eleccións o PP de Teo prometía que o PP non ía a deixar que isto se levara adiante etc etc etc, e xa saben que todos os argumentos do PP, que son sempre os mesmos antes das eleccións, despois das eleccións cambian, e hoxe meréndanse esta actuación, a Xunta apoiando á empresa, como xa a apoiou moitas veces, engadindo que non o vai a describir porque xa todo saben o que hai.

Sinala o sr. Barreiro que acaban de cesar na Xunta de Galiza ao señor Tahoces, que fixo unha xestión nefasta e atópase imputado por varios temas. Explica que tampouco ten que describir a actuación deste señor, que todos coñecen e que está nos xornais.

Considera o sr. Barreiro que dende logo está claro que o PP vai a votar a favor desta moción, evidentemente, como levan facendo todo este tempo, votando a favor en Teo, de poñerse cos veciños, e votando en contra en Santiago no Parlamento de Galiza de apoiar medidas que realmente poidan paralizar este problema. Di que descoñece cantas iniciativas parlamentarias hai que levar, non sabe cantas veces os deputados do BNG teñen que pedir no Parlamento que se apoie aos veciños, que se paren estas barbaridades, que se deixen de poñer vertedoiros ao redor das aldeas ou das vivendas, non sabe cantas veces queren que se leve, pero se queren que se leve outra vez, o volverán a levar sen ningún problema, engadindo que el non ten ningún problema en saír de aquí e chamar ao grupo parlamentario do BNG para que mañá presenten unha iniciativa, que o PP vote a favor e que paralicen este tema inmediatamente.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que efectivamente, como dixo o sr. alcalde, o que se trata hoxe non é un tema político, senón, independentemente das consideracións que se poidan facer do vínculo entre esta parte da Administración autonómica e a empresa, se trata de consideracións que non están metidas na moción, na que soamente se fala da defensa estrita dun ben municipal, como é o viario veciñal. Sinala que, por se queda algunha dúbida do que dicía o sr. alcalde, os títulos xa os tiñan, porén o que querían era un título moito máis concreto para que non haxa ningunha dúbida en ningún sitio de que o viario é municipal, e iso levoulles bastante tempo na mañá, e xa o teñen, aínda que as veces haxa que rebuscar.

Considera a sra. Lemus que é ben curioso e chama a atención que, fronte ós títulos de concentración parcelaria, que entrega a propia Xunta de Galicia, que son públicos e existe unha referencia catastral dos mesmos, a Xefatura provincial da Consellería prefira facer unha expediente de expropiación dun ben ao que identifica a través de un parágrafo dun texto do ano 2006, sen que exista nin no catastro.

Opina a sra. Lemus que ningunha outra Administración Pública, nin tan sequera a Xunta de Galicia, é capaz de facer unha expropiación nas mesmas condicións que esta expropiación, non cree que haxa ningún xurídico de ningunha Administración, polo menos no Concello de Teo sería impensable, que fixera unha expropiación, sen ningún tipo de rexistro nin catastro, xa que o primeiro é a depuración dos títulos de calquera tipo de transmisión, e isto é inasumible para calquera Administración, o cal lle reafirma na idea de que o fundamento é outro e as consecuencias buscadas son outras, que non unha expropiación ó uso, engadindo que iso é outra guerra. É verdade que ao final hai que reaccionar como Concello ante o que é un ataque aos bens municipais, cando en ningún momento se lle dixo a ninguén que non tiña que ir en defensa dos seus supostos bens ao Xulgado, é dicir, a Administración autonómica neste caso está vestindo un expediente de propiedade para un terceiro, o cal leva dous anos dicindo que xa era propietario dese ben, e llo está vestindo e lle está facendo un gran favor.

Espera a sra. Lemus que o tema non teña maior percorrido, que haxa algún letrado da Xunta que cando revise este expediente e as alegacións presentadas polo Concello, valore que o que ten os títulos con referencia catastral e con títulos oficias da propia Xunta de Galicia é o Concello de Teo, e que entón vaia marcha atrás. Salienta a sra. Lemus que aínda que é verdade que sería o desexable, tamén o dubida, porque se unha Administración Autonómica é capaz de facer unha expropiación en base a un título de 2006 e un título de compravenda privado de 2007, nun escrito ante notario que nunca se elevou a público, con esta identificación de parcela e sen referencia catastral, tamén se espera calquera cousa da Dirección Xeral de Minas. A sra. Lemus agarda en todo caso equivocarse e que dentro de dous meses haxa unha resolución de Minas recoñecendo que montaron un expediente que era unha barbaridade e que o sinten e, aínda que non van a dicir iso, cabe esperar que a legalidade impere, porque se trata

dunha cuestión de legalidade, e non imperen este tipo de barbaridades como o que hoxe se discute no Pleno.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen, dirixíndose ao concelleiro do BNG, sr. Barreiro, dille que lle parece lamentable que, nun tema coma o de Toysal, o seu único e grande obxectivo sexa indignar ao PP. Sinala o sr. Sánchez que o anterior representante nunca chegaría a dicir isto nun Pleno, porque polo menos tiña altura de miras, engadindo que o que máis lle sorprende é que parece que ao sr. Barreiro lle molesta que o PP vote a favor, deixando en evidencia a súa altura de miras.

O sr. Sánchez solicita que conste en acta que por suposto van a votar a favor e que en ningún momento foron informados previamente coa documentación que esixe analizar este tema e que en ningún momento foron informados previamente de que este tema ía ser traído a Pleno, e que por conseguinte votan a favor como xesto de unidade e como xesto de unidade de cara á veciñanza e en apoio da veciñanza, pero que votan a favor totalmente desprovistos de información e da documentación necesaria para estar reforzados ou avalados legalmente na súa decisión.

O sr. Sánchez, dirixíndose ao sr. alcalde, dille que segue pensando que non era necesario traer isto hoxe ao Pleno, e se o sr. alcalde quere unha manifestación pública, o que ten que facer é chamarlles e se fai unha manifestación pública. Considera o sr. Sánchez que se este asunto se saca a información pública é lóxicamente para que os afectados, neste caso o Concello, poida alegar, o Concello alega que é propietario e acábase o procedemento de expropiación. Pregunta o sr. Sánchez que necesidade había de sometelo a Pleno, pregunta se era para ver se se pillaba ao sr. Guerra nunha renuncia, a ver se tiñan medo e non votaban a favor da moción, e entón xa habería argumentación política perfectamente argallada. Pregunta o sr. Sánchez se ese é o auténtico motivo, engadindo que iso é o que realmente mosquea e crea a sospeita de todo isto. Considera o sr. Sánchez que claramente todo isto ule a corno queimado e remata a súa intervención sinalando que, zanzado o debate e entendendo que hai que loitar polo ben común, por suposto que o seu grupo vai a votar a favor.

O sr. alcalde di que, pechando o debate, e en relación ao preguntado polo sr. Sánchez sobre a necesidade de sometelo a Pleno, habería que preguntarse qué necesidade tiña Minas de poñer como propietario a alguén sen base documental e sen sustento legal ningún.

O sra. Sánchez di que sen sustento legal non o pode facer, polo que algo terá.

O sr. alcalde sinala que é curioso que se o ten non o poña como título habilitante.

A concelleira do PP, sra. Calvo, sinala que é un proceso garantista e se o Concello demostra que é del, acabouse o tema.

O sr. alcalde sinala que, en relación coa pregunta formulada de porque se trae ao Pleno, se considerou necesario porque hai que ter en conta que se trata dunha cousa tan bruta, que en base a un documento privado de propiedade se faga unha expropiación que, cando menos, é necesario que iso sexa respondido contundentemente por unha Administración.

O sr. alcalde sinala que, cun ánimo construtivo, antes de pasar a votalo, quere aclarar quen asina a moción, se se fai como unha moción de goberno ou se a asinan os outros grupos porque, tal e como dixeron antes, están abertos a que fose unha moción asinada por todas as forzas políticas. Salienta o sr. alcalde que quere aclaralo porque non é o mesmo votar a favor que asinalo, máis alá das discrepancias e demais.

Neste intre, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, acórdase facer un receso para que se poida fixar posición, receso que remata pasados dous minutos.

O sr. alcalde di que, de acordo co manifestado polos grupos do BNG e do PP, se vai a dar paso á votación da moción conxunta presentada por Son de Teo, PSdeG-PSOE e BNG, en defensa do viario municipal da Casalonga.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presente, acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o seu total rexeitamento ante o Acordo da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, de data 18 de novembro de 2020, polo que se somete á información pública a solicitude de expropiación forzosa relacionada coa concesión de explotación “Casalonga” nº 6996, no Concello de Teo, expediente IN334A 2020/01-1, ao afectar ao viario público coñecido como a pista da canteira, ben de dominio público.

SEGUNDO.- Apoiar as medidas que se adopten na defensa deste ben municipal pola Corporación Municipal, en cumprimento da súa obriga de defensa e custodia dos seus bens e dereitos.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, así como a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que lle informaron, aínda que non sabe se correctamente, que na escola onde está instalado o roupeiro, en Rarís, hai moi pouca potencia eléctrica e que non se poden poñer estufas nin deshumidificadores porque salta a terminal, e entón, se é así, dende o seu grupo pedirían que se incremente esa potencia para que as persoas que están alí como voluntarias poidan traballar nunhas condicións adecuadas.

O sr. Iglesias sinala que a cuestión non é tan doada porque a instalación eléctrica xa se cambiou en parte e se mirou varias veces de subir a potencia, pero non é posible. Non é certo que non se poidan enchufar estufas nin deshumidificadores, o que non pode haber é máis de dous conectados á vez, polo tanto están os de arriba acendidos, non poden estar os de abaixo. Si que é certo que nos meses centrais de inverno se pode crear algún problema, sobre todo de humidade. Por outra banda, os deshumidificadores teñen o problema de que aínda que queden postos, ao cabo dun

día se enchen. Salienta o sr. Iglesias que si que hai un problema pero non é unha cuestión de aumentar a potencia, senón de facer unha obra que cambie toda a instalación eléctrica dunha escola construída no 1967, non tratándose polo tanto dun problema menor senón que é unha obra de calado, que ten varias implicacións técnicas que fixeron que non se puidera abordar de xeito inmediato. Lembra que cando se fixo a obra de reforma, a última foi fai tres ou catro anos, xa se tomaran en consideración esas cuestións pero a instalación eléctrica non aguanta e da para o que da.

2.- A sra. Diéguez di que ten outra cuestión que ten que ver coa limpeza dos espazos públicos, engadindo que ela se fixa na súa parroquia, porén quizás hai outros espazos con circunstancias similares. Refírese a sra. Diéguez ao Piro e sinala que alí hai un pequeno espazo cuns bancos, cun pequeno parque, unha fonte, xusto onde se colle para a Hermida. Nesta área hai un espazo acondicionado que ten unhas árbores, castiñeiros de folla caduca, e agora mesmo xa caeu toda a folla, e polo tanto está a folla sobre a superficie, que é de pedra, e estase apodrecendo, polo que sería o momento de recollela e deixar o espazo limpo para que poida sentarse alguén ou desfrutar daquela contorna. Outra cousa que pasa tamén é que o chan ten humidade e nácelle herba, está resbaladizo, polo que roga que se lle de unha limpeza e se poña un pouquiño en condicións para que quede xa para todo o ano.

Pide tamén a sra. Diéguez que se lle dea unha limpeza ás sinais porque están perfectamente, pero están negros, e o da Hermida concretamente está torcido, engadindo que só con que se limpasen un pouquiño xa terían un aspecto máis moderno ou máis coidado.

3.- A sra. Diéguez sinala que outra cuestión é a mellora e sinalización das rutas. A sra. Dieguez quere dar os parabéns por todo o traballo que se fixo cos cabaliños, porque estivo moi ben, e aí tamén supuxo un pouco a proba de que faltaba algunha sinalización. Si é verdade que parece ser que se daban unha claves para poder seguir os camiños, pero a cuestión é que ao parecer moita xente perdeuse, polo que pediría que se teña en conta que hai sinalizar mellor para que esas cousas non pasen, pois non todo o mundo ten acceso ás novas tecnoloxías.

4.- Sinala a sra. Diéguez que na Burga caeu unha árbore. Explica que o das árbores é

unha cousa que xa está sucedendo en moitos sitios, engadindo que supón que é difícil levar un control de todas as árbores que están en risco de caída, porén hai moitas, por exemplo na carballeira de Oza, aínda que xa sabe que non é municipal, pero hai varias en risco de caer. Pensa que é un problema de seguridade.

5.- A sra. Dieguez di que, tratándose dos centros médicos, quería pedir que dende o Concello se instase á Xunta de Galicia a que dote de persoal administrativo ao centro de Pontevea, porque non o teñen. Se o médico ten que saír, ten que botar ás persoas que están esperando no centro para xestións, e é un inconveniente para os veciños.

6.- Di a sra. Diéguez que se quere referir a unha fochanca da cal xa falou no Pleno algunha vez, engadindo que están un pouco difíciles de localizar e ao mellor ela tamén se expresou mal cando as situou. Sinala que agora mesmo hai unha na vía paralela á autovía, á vía de servizo. Despois hai unha pista que vai á dereita que baixa para Vedra, a pista segue para Vedra e os camiñantes baixan para Rivas, pois aí hai unhas fochancas bastante grandes. A verdade é que non pasan moitos coches, pero pasan bastantes ciclistas. Sinala que o outro día ía camiñando para alí, e un coche, para non meterse na fochanca, foi polo outro lado da vía, pero alí hai unha curva, a sorte é que pasan poucos coches, pero como lle veña un de fronte pode traer problemas.

Sinala a sra. Diéguez que tamén en relación con esta vía paralela á autovía ao mellor era conveniente tomar medidas de seguridade viaria, pois unha cousa que pasou é que estaban pintados os “stops”, que alí hai cruces, e estaban pintados no chan, e agora esas marcas borráronse completamente, quedan os sinais verticais pero os sinais da estrada, do chan, desapareceron.

7.- O sr. Barreiro solicita que se arranxen as pistas no lugar de Cesar, en Calo, que as fochancas xa empezan a asomar as pedras, e son pedras de tamaño considerable. Tamén na rúa de Casal a Mouromorto, a veciñanza pide a mellora do firme, seica llo pediron á concelleira nalgunha ocasión. Sinala que, en xeral, chéganlle moitas queixas do estado do firme das estradas do Concello.

8.- Di o sr. Barreiro que, aínda que sabe que non é unha competencia do Concello, quere sinalar que teñen moitas queixas da veciñanza da calidade das conexións de internet, mesmo en lugares como a Torre, núcleos moi poboados, non en Lampai, que

xa saben o que pasa, pero apenas a 5 kms de Compostela hai enormes problemas de telecomunicacións. Descoñece o sr. Barreiro se se pode facer algo dende o Concello, como falar coas compañías para que melloren os servizos, que presten un pouco de atención, xa que neste contexto de teletraballo e encerro é importante.

9.- Pide o sr. Barreiro que se limpen as sendas peonís da AC841 dende a Ponte amarela dos Tilos ata a Ramallosa, na zona de Montouto, e a carón do tanatorio e do Eroski, que está invadidas de fiunchos e de herbas varias, que impiden o paso de dúas persoas xuntas, polo que teñen que baixar á calzada por onde pasan os coches, polo carril de servizo. Isto tamén se trouxo nalgunha ocasión, por parte do sr. Fernández, xa que eses carrís de servizo, que xa sabe que son competencia da Xunta, a xente os utiliza para adiantar e parecen auténticos circuitos de competición máis que pistas de servizo. Di o sr. Barreiro que descoñece cal é a solución pero que dende logo é moi perigoso para a seguridade viaria.

10.- Pregunta o sr. Barreiro que se vai facer co proxecto dos camiños seguros do Colexio de Calo á vista de que a veciñanza pide que se reconsidere e que se reelabore o proxecto, e piden alternativas, pois parece que está xerando bastante debate este tema. Pregunta o sr. Barreiro se se vai a reconsiderar ou que se vai facer.

A sra. Lemus di que, tratándose dos camiños escolares seguros, hoxe mesmo aprobouse o proxecto para seguir a licitación. As modificacións viables, por dicilo así, que se manifestaron polos veciños, foron seis alegacións, por escrito, e viñeron catro persoas, algunha en representación dun grupo de veciños, outros dalgunha zona, a ANPA de Calo tamén formulou a necesidade dun paso de peóns novo e, sobre o resto, hai xente, dos seis emails pensa que eran tres, que xa directamente pedía que se retirase o proxecto e que en todo caso se empregase un camiño dende a rúa Cardide ata o CEIP de Calo, o cal se lles contestou que era unha propiedade privada, polo que non ia a facer o condicionamento dun camiño escolar en zona privada, porque non é ese o obxectivo. Aclara a sra. Lemus que o resto son sobre todo consideracións sobre uso de vías secundarias, a posibilidade de facer o camiño da Cascalleira en vez de cara a Nacional só en sentido único dende a Nacional, dende Balcaide, cara a Igrexa, e despois algún tipo de consideración sobre melloras puntuais de determinados puntos do trazado. Explica a sra. Lemus que todas elas son totalmente compatibles co

proxecto existente, dende un punto de vista técnico, e non son obxecto de modificación, e por iso, dado que os fondos europeos teñen uns prazos xustiños, hai que darlles un pouco de brío ás licitacións, polo que hoxe aprobouse o proxecto, co cal licitarase nas vindeiras semanas.

Salienta a sra. Lemus que o tema que máis se repetiu nas alegacións, ademais comentado polas persoas que incluso viñeron ata o Concello, foi a posibilidade de cambiar o sentido único. Explica que no propio estudo de Tráfico, que está dentro do proxecto porque este xurde dun estudo de Tráfico realizado polo enxeñeiro de mobilidade, do ano 2017, o sentido único previsto era, para el e tendo en conta os datos de tráfico, cara abaixo, e si que é verdade que os veciños piden cara arriba. Estáselle dando voltas e falouse co Conselleiro de mobilidade a ver se sería posible, aínda que iso non afecta á senda, que vai ser igual, o único que as liñas pintadas serían doutra forma, pero a senda vai ser a mesma, o trazado é o mesmo, todo é igual e non implica modificación de proxecto.

Salienta a sra. Lemus que en todo caso teñen dúbidas sobre ese cambio de sentido, porque Fomento si que é verdade que dende hai moito tempo di que quere suprimir a posibilidade de facer o xiro en raqueta dende a Nacional cara a Cascalleira, por ser un cambio de rasante, perigoso, polo tanto quedouse en que se ía a ver con eles porque si que é verdade que co outro proxecto si que non había ningún problema por parte de Fomento, aínda que non se lle tocou, pero é verdade que eles xa tiñan esa idea de evitar ese sitio e co noso proxecto co sentido cara abaixo evitarían suprimir esa raqueta.

Reitera a sra. Lemus que, en todo caso, para que quede claro, o proxecto segue, e o camiño escolar seguro de Calo vai seguir cara adiante e agardase licitar agora para executar en marzo ou abril, comezando máis ben cara abril, tendo en conta que é un proxecto amplo e que vai durar varios meses. Intentarase que na medida do posible todos os cambios estean executados xa para o inicio do curso escolar próximo, aproveitando ademais que entre xuño e agosto se agradece bastante o traballo en zona escolar porque é máis fácil.

A concelleira do Son de Teo, sra. Vázquez, di, en relación ao tema de sinalética das rutas á que se referiu a sra. Diéguez, que este ano pediuse unha subvención en turismo. A sinalética municipal basicamente ven dunha subvención anual, que se vai renovando ou ampliando, e este ano non se decidiu marcar rutas, senón marcar elementos patrimoniais pertencentes a rúta da batalla de Cacheiras, e entón cando foi todo o boom dos cabaliños si que se decataron de que facía falta esa sinalética. Explica a sra. Vázquez que está encargada pero non chegou a tempo, porén antes de fin de ano se marcará, o camiño de Lampai, Muiñeiras, quedando pendente para os orzamentos do ano que ven a de Agromaior, aínda que faltan máis que non están no xogo, pero que existen, polo que se está traballando no tema.

O concelleiro de Son de Teo, sr. Iglesias, explica que dende deportes vaise facer o track porque non se van a sinalizar, tomouse a opción de pasarse directamente ás NNTT, polo custo que supón e tamén porque a sinalética da lugar a un montón de problemas de mantemento e así, unha simple descarga dun código QR soluciona todo iso. Nas rutas deportivas xa non se sinaliza ese tipo de cousas e aínda que saben que hai xente que non accede a esas tecnoloxías é o que hai á volta da esquina.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O portavoz do PP, sr. Guerra, pregunta se na Cascalleira os coches van a subir ou van a baixar.

A sra. Lemus di que a proposta principal dos veciños, que a fixeron por escrito, é que se aproveite dende a rúa Cardide un viario que ven nunha pista de concentración, pequeniña, que ven pola parte de atrás, como a 70 metros do CEIP, pero ese camiño é privado, hai unha servidume, a xente o poderá utilizar, é unha pista de monte, pero efectivamente non é público.

En todo caso, independentemente diso, aínda que se utilizase ese viario, se fora público, ese camiño non daba solución aos problemas do camiño escolar que pretendían solucionar en Calo. É dicir, o que se pretendía solucionar era toda a zona da Cascalleira, Fixó, a Igrexa, Folgueiras, e claramente se pensamos nun veciño da Igrexa de Calo, ao que se lle fai o primeiro tramo e de repente na Cascalleira desaparece a senda porque vai a facer ese traxecto, o veciño da Igrexa de Calo non iría andando, porque sería imposible, podería dar servizo a dez casas da Cascalleira, na parte sur, e a Balcadide.

Explica a sra. Lemus que o feito de facer un camiño escolar seguro implicaba unha senda, e unha senda implicaba polas dimensións da Cascalleira e de Fixó un sentido único, e do que se trataba era de que hai un problema, que o tráfico vai quedar moi prexudicado, pero o que se pretende é fomentar para todo o uso peonil, é dicir, que os veciños da Cascalleira consideran que están a 250 metros, como ben dicía algunha persoa, do CEIP e prefira ir andando, e iso é o que se debe de fomentar dende o Concello. Por outro lado é o que fomenta a subvención europea, porque a subvención europea non é porque se gaste en formigón, o que queren é que se reduza CO2 e a única forma é con menos vehículos, e por iso se vai a intentar un Concello un pouco máis sostible. Recoñece a sra. Lemus as molestias que se van a causar aos veciños da zona, engadindo que en todo caso van a seguir co proxecto.

2.- O sr. Guerra di que trouxo dúas ou tres veces a Pleno o tema duns veciños molestos na Veiga do Espiño, na Igrexa de Cacheiras, entre os números 85 e o 82, que piden a ver se se manda desbrozar aquelas fincas, que están cheas de silvas, culebras, ratas etc, entre tres construcións que hai, dúas habitadas e o 82 precisamente sen habitar, que pensa que tamén é do mesmo dono.

A concelleira de Son de Teo, sra. Vázquez, pregunta exactamente onde é o lugar, e pregunta se son particulares.

O sr. Guerra di que si, e que xa llo comentou á técnica de medio ambiente varias veces, e tamén o dixo no Pleno, porque os veciños están molestos.

3.- Sinala o sr. Guerra que tamén os veciños de Chaves preguntan polo asfaltado e tamén cando se lle cambian as luces.

A sra. Lemus sinala que lle debe quedar un ano, porque hai que mantelas cinco anos, engadindo que tratándose do asfaltado, o proxecto está aprobado polo Concello, nun complementario, sendo probable que vaia para o próximo ano.

4.- O sr. Guerra di que hai pistas que están destrozadas, engadindo que hai que enumeralas. En Fornelos (Rarís) a pista que sube, que son escasamente 150 metros, que sube á casa de Rey e á casa de Eusebio, fíxoselle un pequeno bacheado, piden que a ver se se aglomera. Hai unha ringleira de chalés por alí arriba e á esquerda hai unhas casas de toda a vida, a ver se se pode asfaltar.

Sinala que en Castres, Oza, o camiño interior está destrozado, e din os veciños que a ver se se ten a ben o arranxo do mesmo. A pista do alto da Veiga a Noceda e a Vaamonde, o que é o camiño Francés, dende o alto da Veiga, se se segue para diante, tamén está destrozado de todo.

5.- o Sr. Sánchez di que a pista de Quintáns, Luou, probablemente sexa unha das pistas que en peor situación se atopa de todo o Concello. A que atravesa a aldea de Quintáns, e en Insua, Luou, tamén precisaría dun arranxo profundo. Solicita o sr. Sánchez que se teña en conta para vindeiras actuacións.

6.- A sra. Vázquez pregunta se se chegou a facer a desratización en Pontevea porque agora hai grupos de ratas. Sinala que lle preguntaron e cree que tamén alguén chamou ao Concello, polo que lle gustaría saber se xa se efectuara ou non porque senón hai que miralo porque segue habendo ratas.

A sra. Lemus di que tiña que chamar, pero se esqueceu, aínda que llo comentou á técnica de medio ambiente xusto cando o comentou a sra. Vázquez. Pregunta se segue habendo ratas no último mes, porque se falou no último Pleno.

A sra. Vázquez di que tería que mirar concretamente pero que a semana pasada as viron, pero non lles da tempo a sacar a foto porque corren, porén nos contedores que hai xusto onde o cruce que vén do Ulla, onda o aparcadoiro, hai un grupo considerable, incluso de ratas das brancas. Reitera a sra. Vázquez que, se non se chegou a ir, que se faga porque é un tema que pode dar lugar a outro tipo de problemas.

7.- A sra. Vázquez sinala que na ruta que vai á Burga non hai luz, e ao estar en outono,

a partir das seis e media non se ve nada, polo que haberá de mirar unha solución.

A sra. Lemus di que roubaron o cable e que se está buscando un mecanismo para que non o rouben. Explica que, entre o arquitecto e o electricista, estase argallando un mecanismo do cal non vai a falar, para non dar ideas. Salienta que ademais roubaron o cable moi ben roubado, deixaron os empates con goma para que non se descargase, e fixeron un roubo fantástico.

A sra. Vázquez di que as dúas veces que foi había luz e de feito alguén quixo gravar un vídeo pero logo non se vía nada.

8.- Pregunta a sra. Vázquez, tratándose da aldea de Olveira, cando van a recolocar os letreiros que dan acceso, que se sacaran porque estaban dobrados. Lembra que a sra. Nariño fixera esa denuncia e se retiraron os que estaban en mal estado, polo que lle gustaría saber canto se podería tardar en volver a colocalos.

9.- Sinala a sra. Vázquez que nesa mesma estrada hai dous baches bastante considerables. O tema é que volveron a abrir por onde estaba aberta a zanja da obra que se fixera. Sinala que co tema da luz ou da liña telefónica, tiveron que abrir a estrada e o asfalto que eles usaron para acabar a obra quedou moi ben pero este outro que se fixo con esa obra non fai máis que abrir, entón os veciños pregúntanse porque cunha obras se utiliza un asfalto e con esta xa van non sei cantos rebacheados.

Sinala a sra. Vázquez que agora de verdade si que necesita unha vez máis que se cubra, esta vez entrando dende a entrada principal. Está xusto diante dos edificios ademais, hai tres socavóns que calquera dos que pasan por aí se atopa con eles. Sinala a sra. Vázquez que é algo tremendo e pide que se vaia por alí a miralo e ver que solución se lle da.

O sr. alcalde sinala que, antes de levantar a sesión, quere comentar que a evolución do tema do COVID é boa, é dicir, que na última notificación o Concello está ben, sobre os 20 afectados, iso significa que os acumulados nos últimos 14 días pasan pouco dos cen casos activos por cen mil habitantes, e que falan de que o venres é posible que haxa algunha medida de levantamento de restricións, que afectarían fundamentalmente ao confinamento perimetral. Tamén é certo que a idea é que se faga conxuntamente

para Ames e Teo entón vai a depender da evolución conxunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz